

A IDADE MEDIA: DA MONODIA Á POLIFONÍA



A Idade media é un longuísimoo período que vai dende a caída do Imperio Romano (século V) ata o século XV.

É un período de guerras constantes nas que os diferentes pobos invasores (xermánicos, vikingos, árabes ...) se van asentar nos diferentes territorios que anteriormente abranguían o Imperio Romano.

A sociedade estamental, desenvólvese a través de lazos de dependencia por pura supervivencia. Os vasallos pónense ao servizo dos señores a cambio da súa protección, é o denominado sistema feudal.

Na Alta Idade Media, xa algo máis tranquila, aparecen as primeiras cidades e a inseguridade desaparece. A partir dese momento o ocio e a cultura comezan a ter un espazo nas vidas dos cidadáns.

A RELIXIÓN:



Deixando atrás o politeísmo romano, dúas grandes relixións monoteístas esténdense polo mundo occidental: O ISLAM e O CRISTIANISMO.

Dúas relixións teocéntricas que supoñen que Deus é o centro do universo e réxeo todo, incluídas as actividades humanas. Dáselle máis importancia á vida despois da morte que á vida na terra na que os humanos están a pagar polos seus pecados á espera da vida eterna.



A CULTURA

A vida cultural concentrábase nos mosteiros e catedrais: alí os monxes (practicamente os únicos que sabían ler e escribir) copiaban e ilustraban as obras fundamentais da cultura antiga así como as primeiras partituras conservadas. Sen o seu labor minucioso nunca poderíamos coñecer a día de hoxe o que sentía ou pensaba un home da época e, nin moito menos, como soaba a música que interpretaban.

GUIDO D'AREZZO, INVENTOR DA ESCRITURA MUSICAL

De feito foi un monxe italiano do século X, Guido D'Arezzo, quen desenvolveu os inicios da escritura musical actual.

Consciente da necesidade de poder fixar por escrito e coa maior precisión a altura e duración dos sons deixa de lado a notación neumática e ten a idea de escribir as notas sobre catro liñas horizontais, o **tetragrama**.

Así mesmo, para facilitar a aprendizaxe musical e a lectura das notas decide asignar un nome a cada unha delas. Para iso toma a primeira sílaba de cada verso de un himno a San Xoán Bautista.

A nota UT, moi dura de pronunciar, foi reemplazada por DO no século XVII.



A MÚSICA

A historia da música comeza coas primeiras testemuñas escritas da mesma (datadas nos séculos X e XI).



A ausencia de partituras da música anterior fai imposible reconstruír o seu son. Nunca poderemos saber como soaba a música que emocionaba aos antigos gregos, romanos ou exipcios pero grazas á invención da escritura musical, si que podemos hoxe escoitar e interpretar a música da Idade Media.

A música desenvólvese nos dous ámbitos fundamentais da vida medieval: o RELIXIOSO e o CIVIL.

Hai música nas igrexas, mosteiros e catedrais, interpretada sempre coa función espiritual de comunicación directa con Deus.

Hai música nas cortes, entre as xentes poderosas, onde xurde o movementos trobadoresco.

O resto dos cidadáns vivía demasiado ocupados de sobrevivir como para preocuparse de como escribir e conservar a súa música.

MÚSICA RELIXIOSA:

MONODIA: O CANTO GREGORIANO (S. X-XII)

É o canto da igrexa cristiá na Idade Media. Chámase Gregoriano en honor ao papa Gregorio I, pois foi el quen reuniu e fixo copiar os cantos da igrexa cristiá primitiva. Ademais organizou eses cantos para conseguir unha liturxia unificada en toda a cristiandade.

Características do CANTO GREGORIANO:

- Música vocal, a cappella.
- Texto en latín.
- Autor **anónimo**.
- Melodía case plana.
- Non se detecta unha pulsación regular, segue o **ritmo do texto**.
- Carácter espiritual.
- Función **litúrxica**.
- Interpretase nos templos para o culto: igrexas, mosteiros, catedrais...
- TEXTURA: Monódica



Relación TEXTO-MÚSICA:

Segundo a relación do texto coa música o canto gregoriano podía ser:

1. SILÁBICO: Cada sílaba do texto correspóndese cunha nota.



2. NEUMÁTICO: Con cada sílaba do texto interprétanse 2 ou 3 notas.
3. MELISMÁTICO: Con cada sílaba do texto interprétanse 4 ou máis notas.



Unha mesma peza musical pode combinar os diferentes tipos de canto.


POLIFONÍA RELIXIOSA: S. XII-XV

Os avances na escritura musical permiten que se poidan desenvolver unha música con dúas ou mais melodías diferentes soando simultaneamente.

Unha das primeiras formas polifónicas é o **organum paralelo** que consiste en engadir a unha melodía gregoriana unha segunda melodía que a segue en paralelo a unha distancia de 4ª ou 5ª.



Pouco máis adiante desenvólvese o **organum melismático** que consistía en engadir unha segunda melodía (voz organal) facendo melismas sobre a melodía gregoriana de base (voz principal), que interpreta notas longas por debaixo.



Posteriormente, compositores da Escola de Notre Damme de París como **Leonin**, **Perotin** ou **Guillaume de Machaut**, desenvolverán técnicas máis avanzadas de composición que lles permitirán escribir motetes e misas para 3 ou 4 voces.



Características da POLIFONÍA MEDIEVAL:

- Música vocal, a cappella.
- Texto en latín.
- Autor coñecido: Leonin, Perotin, Machaut, Landini.
- Perfecciónase a escritura musical, non se indica aínda o compás.
- Carácter espiritual.
- Función **litúrxica**.
- Interpretase nos templos para o culto: igrexas, mosteiros, catedrais...
- Textura polifónica: *organum*, *motete*, *misa*

MULLERES COMPOSITORAS**KASSIA DE CONSTANTINOPLA (810- 867)**

Pertenceu a una familia aristocrática e sobre o ano 843 fundou un convento do cal foi a primeira abadesa. É unha das primeiras compositoras das que se conservan obras, sendo aproximadamente cincuenta as que poden ser interpretadas por músicos actuais.

Escribiu arredor de cincuenta himnos e tamén 261 epigramas.

HILDEGARDE von BINGEN (Bermersheim 1098/ Rupertsberg 17-09- 1179)

Escritora e compositora alemá, pertencente a unha familia nobre, dende moi nena sufriu visións que máis tarde a igrexa confirmaría como inspiradas por Deus.

Seus pais, preocupados, decidiron que aos catorce anos ingresase no convento beneditino de Disibodenberg. Escribiu 9 libros, un dos cales moi importante para a medicina, incluíndo coñecementos de botánica e de bioloxía.

Aseguraba que nas súas visións escoitaba música que alguén lle ditaba e ela se limitaba a transcribir. Escribiu música gregoriana, setenta e sete cancións e un drama musical: Ordo Virtutum, grazas ao cal dise que traspasou as normas da música medieval, empregando una nova linguaxe.

Coñecida con alcume de Sibila do Rin, desafiou constantemente á igrexa.



MÚSICA PROFANA:

A partir do século XII desenvólvese en Europa o movemento trobadoresco, cun importante foco en Francia, Alemaña e a Península Ibérica.

Os **trobadores** son poetas cultos e refinados, con frecuencia de orixe nobre, que cantan na súa lingua os ideais cabaleirescos do momento: o amor a unha dama, a fidelidade ao rei, o honor, a guerra ...

O trobador ás veces interpretaban a súa música, outras facíano os **ministrís**, músicos ao servizo da corte que traballan para o trobador.

Así mesmo existían outros músicos ambulantes, que percorrían vilas e cidades interpretando a música dos trobadores. Á súa vez eran malabaristas, acróbatas, magos e comediantes. Eran de clase social máis baixa. Eran os **xograres**.

Estes músicos interpretaban música vocal, cancións de temas diversos, e tamén música de danza, toda ela pensada para entreter e divertir.



Tamén temos constancia da existencia de mulleres trobadoras, a pesares do desprestixio social que supoñía para unha muller exercer ese tipo de oficios, lonxe do que se consideraban as súas obrigas como muller atendendo a casa e a familia. É por iso que a súa creación artística podía considerarse un mero capricho dunha muller da nobreza ou, no caso da mulleres de clase máis baixa, unha actividade pecaminosa e moitas veces asociada inxustamente co exercicio da prostitución.

Non se conservan partituras de ningunha cantiga escrita por unha muller pero si coñecemos os nomes dalgunhas destas mulleres como foron LEONOR DE AQUITANIA (1122-1204), MARÍA BALTEIRA ou BEATRIZ DE DÍA.

A MÚSICA VOCAL:

CARACTERÍSTICAS DA CANCIÓN TROBADORESCA

- Texto en lingua **vernácula**.
- Autor coñecido: trovadores e trobairitz.
- Acompañada de instrumentos que marcan o ritmo e dobra as voces.
- Ritmo marcado pero aínda sen compás.
- Carácter alegre e sensual.
- Interpretase nas cortes, pazos e prazas públicas.
- Temática: amor cortés, guerra, lendas e fazañas históricas, ...
- TEXTURA:
 - Monódica ata o século XII.
 - Polifónica S. XII-XV.

A MÚSICA INSTRUMENTAL: MÚSICA DE DANZA

A danza era un elemento fundamental de distracción da sociedade medieval. Estaba presente en todos os acontecementos sociais e se interpretaba tanto nas cortes coma nas prazas públicas.

Adoitan ser melodías moi rítmicas, de pulsación rápida e moi marcada. O seu carácter é alegre e sensual e interpretábase nas cortes, pazos e prazas públicas.

